

MISA CON NENOS
Ordinario 10-B - 10 de xuño de 201

Evanxeo de San MARCOS 3, 20-35:

“Quen é miña nai e meus irmáns?”.



Somos da FAMILIA de Xesús.



A súa palabra crea FRATERNIDADE e vence o MAL.

1. **ACOLLIDA**

Benvidos, Irmáns e irmás: rematamos hai 3 semanas o tempo de Pascua e despois celebramos as festas da Trindade e do Corpus. Hoxe comezamos xa os domingos do tempo ordinario nos que non celebramos ningunha festa en especial senón que é domingo, día no que nos reunimos os cristiáns. Para Xesús, igual que para nós, a familia é o máis importante. E el veu a formar unha familia á que se pertence non por vínculos de sangue senón porque non elixe pertencer a ela e acepta vivir como viviu Xesús: cumprindo a vontade do Pai.

(Cartel de Fano: Somos a familia de Xesús).

No nome... *-O Señor que nos invita a formar parte da familia da Igrexa, sexa convosco.*

2. **PETICIÓNS DE PERDÓN**

(*Sacerdote*) Nun momento de silencio, poñámonos ante Deus e recoñezamos os nosos pecados.

- (**Pai-nai**) Ti que nos perdoas e non levas contas do mal que facemos. Señor, ten piedade de nós.

- (**Catequista**) Ti que es fonte de perdón e de misericordia. Cristo, ten piedade de nós.

- (**Neno - Nena**) Ti que escoitas a súplica dun corazón arrependido. Señor, ten piedade de nós.

3. PALABRA DE DEUS

LECTURAS

XÉNESE 3,9-15: *Poño hostilidade entre a túa descendencia e a descendencia da muller.*

Cando Adán comeu da árbore, o Señor Deus chamouno e díxolle: «Onde estás?». El contestou: «Oín o teu ruído no xardín, deume medo, porque estaba espido, e escondinme». O Señor Deus replicoulle: «Quen te informou de que estabas espido?, é que comiches da árbore do que che prohibín comer?». Adán respondeu: «A muller que me deches como compañeira ofreceume do froito e comín». O Señor Deus dixo á muller: «Que fixeches?». A muller respondeu: «A serpe seducíume e comín». O Señor Deus dixo á serpe: «Por facer iso, maldita ti entre todo o gando e todas as feras do campo; arrastraraste sobre o ventre e comerás po toda a túa vida; poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa descendencia e a súa descendencia; esta esmagarache a cabeza cando ti a firas no talón».

Palabra do Señor

SALMO 129:

R/. Do Señor vén a misericordia, a redención copiosa.

II CORINTIOS 4, 13-5, 1:

Creemos e por iso falamos.

MARCOS 3, 20-35: Satanás está perdido.

Narrador: Naquel tempo, Xesús chegou a casa cos seus discípulos e de novo xuntouse tanta xente que non os deixaban nin comer.

Ao decatarse a súa familia, viñeron levalo, porque se dicía que estaba fóra de si. E os escribas que baixaran de Xerusalén dicían:

Escribas: -«*Ten dentro a Belzebú e expulsa aos demos co poder do xefe dos demos*».

Narrador: El invitounos a achegarse e faláballes en parábolas:

Xesús: -«*Como vai botar Satanás a Satanás? Un reino dividido internamente non pode subsistir; unha familia dividida non pode subsistir. Se Satanás se rebela contra si mesmo, para facerse a guerra, non pode subsistir, está perdido. Ninguén pode meterse na casa dun home forzado para arramplar co seu enxoval, se primeiro non o ata; entón poderá arramplar coa casa. Tede por seguro, todo se lles poderá perdoar aos homes: os pecados e calquera blasfemia que digan; pero o que blasfeme contra o Espírito Santo non terá perdón xamais, cargará co seu pecado para sempre*».

Narrador: Referíase aos que dicían que tiña dentro un espírito inmundo.

Chegan a súa nai e os seus irmáns e, desde fóra, mandárono chamar. A xente que tiña sentada ao redor díxolle:

Xente: -«*Mira, túa nai e teus irmáns e túas irmás están fóra e búscante*».

Narrador: El preguntoulles:

Xesús: -«*Quen son miña nai e meus irmáns?*».

Narrador: E mirando aos que estaban sentados ao redor, díxolles:

Xesús: -«*Estes son miña nai e meus irmáns. O que faga a vontade de Deus, ese é meu irmán e miña irmá e miña nai*».

Palabra do Señor.

(Narrador-Escribas-Xesús-Xente)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) *Presentamos as nosas súplicas dicindo:*

-Que sexamos da túa familia, Señor.

1. Pola Igrexa para que sexa unha familia unida polo amor como Xesús quere.

Oremos.

2. Por todas as familias para que crezan no respecto, o perdón e a axuda. ***Oremos.***

3. Pola familia do mundo para que chegue a todos a paz e a solidariedade. ***Oremos.***

4. Por todos nós para que valoremos a Palabra de Deus. ***Oremos.***

5. Pola nosa comunidade parroquial para que cumpramos a Palabra de Deus. ***Oremos.***



6. Polos que o pasan mal, polos enfermos, polos xa falecidos. ***Oremos.***

7. Polos que fan neste tempo a primeira comunión ou a confirmación. ***Oremos.***


5. OFRENDAS ou COMUÑÓN

Os nenos colócanse todos xuntos diante do altar e un deles ou todos xuntos fan a promesa de non separarse nunca de Xesús e así formar parte da súa gran familia:

*“Xesús,
nós queremos formar parte da
túa gran familia.*

*Queremos ser de verdade
irmáns teus e
querernos como Ti queres.*

*Por iso estamos todos aquí
xunto á túa Palabra e xunto ao
teu altar, para ofrecerche a
nosa promesa de permanecer
unidos a Ti, noso irmáns
maior”.*



SOMOS FAMILIA:



Posible acción de grazas

Quero ser da túa familia, Xesús.

Grazas Xesús porque nos amas e nos perdoas.

Ti queres que tamén hoxe nós sexamos dos teus, os teus discípulos, a túa familia.

Grazas por regalarnos a túa Palabra que nos ilumina

para vivir unidos a todos e vencer o mal que imos atopando.

Queres que formen parte da túa familia

os que fan a vontade do Pai, escoitando a súa Palabra e cumpríndoa cada día.

Grazas, Señor, pola familia da Igrexa

que hoxe te fai presente na Eucaristía, regálanos o pan que nos fai fortes na fe e perdóanos a través do sacerdote na Penitencia.

Aquí estou, Señor, para escoitar a túa Palabra,

facer sempre a túa vontade alí onde estea, e así ser instrumento da túa paz, do teu amor, do teu perdón.

RED CATEQUISTAS GALICIA